



CONCELLO DE POIO
MC

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO NA SÚA MODALIDADE ABREVIADA PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE CALDERERÍA MUNICIPAL.

Sendo as dez horas e dez minutos do dezaseis de outubro de dous mil dezanove reúnese a Mesa de contratación composta polo Presidente D. Luciano Sobral Fernández e en calidade de vogais D. Iván Junquera Rodríguez, D^a. Olga Fernández Rodríguez (Interventora Municipal) e D^a. Consuelo de la Peña Costoya (Secretaria Accidental) e actuando como secretaria da mesa D^a. Mercedes Cochón López; reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Polo presidente ábrese a sesión e dáse conta do prazo de 15 días naturais para a presentación de proposicións, presentándose oferta por 2 empresas que se relacionan a seguir por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello:

Hijos Adonis Pérez, S.L Rexistro de Entrada 2019-E-RC-5596 do 10/10/2019.
Ingeniería Consultores Agrupados, S.L Rexistro de Entrada 2019-E-RC-5603 do 10/10/2019.

De conformidade co establecido na Cláusula 2.2.7. do Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a contratación dos servizos de **MANTEMENTO DE CALDERERÍA MUNICIPAL** procédese á apertura do Sobre Único “Documentación administrativa e proposición Económica” que contén a Declaración Responsable, segundo o modelo establecido como anexo no PCAP:

Licitador	Declaración Responsable segundo o modelo do PCAP.
Hijos Adonis Pérez, S.L	Si
Ingeniería Consultores Agrupados, S.L	Si

Á vista de que todos os licitadores presentaron a declaración responsable segundo o modelo establecido no PCAP a Mesa, de conformidade co establecido no artigo 326 da



Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) por unanimidade, acorda admitir á licitación ás 2 empresas presentadas.

A continuación procédese á dar conta da oferta económica realizada polos licitadores e que se detalla a seguir:

Presuposto Base de Licitación: 8.852,86 €

Hijos Adonis Pérez, S.L
Oferta Sen Ive: 6.596 €.
Ive: 1.385,16 €.
Total oferta: 7.981,16 €

Ingeniería Consultores Agrupados, S.L
Oferta Sen Ive: 6.798 €.
Ive: 1.427,58 €.
Total oferta: 8.225,58 €

Aplicación dos criterios avaliados mediante fórmulas: 10 puntos.

CRITERIOS	Puntos (P)
Fórmula: $10 * (\text{mellor oferta} / \text{oferta a puntuar})$	Ata 10 puntos

Hijos Adonis Pérez, S.L
Puntuación= $10 * (7981,16) / (7981,16) = 10$ puntos

Ingeniería Consultores Agrupados, S.L
Puntuación= $10 * (7981,16) / (8225,58) = 9,70$ puntos

A Mesa de contratación por unanimidade de asistentes acorda:

Primeiro.- Realizar proposta de clasificación de ofertas da maneira que se detalla a seguir:

- 1º.- Hijos Adonis Pérez, S.L
- 2º.- Ingeniería Consultores Agrupados, S.L

Segundo.- Realizar proposta de adxudicación a favor de Hijos Adonis Pérez, S.L que obtivo unha puntuación de 10,00 puntos e ser a mellor oferta presentada.

Terceiro.- A empresa Hijos Adonis Pérez, S.L figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición **5994** do que se procede a xuntar certificado de tal circunstancia ao expediente (102/2019).

Cuarto.- Requerir a empresa Hijos Adonis Pérez, S.L mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación (que remata o vindeiro 24 de outubro de 2019) presente a seguinte documentación:



- Os licitadores deberán adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficiente para levala a cabo segundo o establecido no PPT. Como mínimo deberase contar en plantilla cun operario con carné profesional de instalacións térmicas de edificios.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RXLCAP.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Tributaria de Galicia de non ter débedas e validez para o disposto no artigo 71.1.d) LCSP.
- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RXLCAP.

Verificación da documentación aportada.- O servizo técnico de contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento de todos os requisitos de participación exigidos.

E sendo as dez horas e vinte minutos o Sr. Presidente da por rematada a sesión redactándose a seguinte acta, da que eu, Secretaria dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

